


Universidade de Vigo



REGULAMENTO DE GUÍAS DOCENTES DAS TITULACIÓNS DA ESCOLA SUPERIOR DE ENXEÑARÍA INFORMÁTICA

Aprobado na Xunta de Escola o 04/06/2014

Preámbulo

Dentro das marxes establecidas para o EEES, o proceso de elaboración das Guías Docentes supón un espazo de autonomía no que o/a docente indaga, responde e toma decisións. A natureza deste proceso pode chegar a dotarlle de estratexias que o convirtn nun instrumento moi útil para a xestión e o desenvolvemento do proceso de ensinanza aprendizaxe, garantindo unha formación académica de calidade, e informando ao alumnado sobre os contidos e competencias das materias, as metodoloxías e os sistemas de avaliación, entre outros factores relacionados coa adquisición das competencias e contidos que correspondan aos estudos elixidos.

A Normativa de Elaboración, Aprobación e Publicación de Guías Docentes da Universidade de Vigo considera a guía docente como o documento básico que recolle *“toda a información institucional e académica necesaria para que un estudante poida desempeñar adecuadamente a súa tarefa nas titulacións adaptadas ao EEES”*. As Guías Docentes, por un lado, permiten a planificación, coordinación e desenvolvemento da docencia por parte do profesorado e, por outro, perseguen organizar, orientar e facilitar a aprendizaxe do alumnado; pero, ao mesmo tempo, permiten xerar *“un procedemento sistematizado baseado na organización, transparencia e información da actividade de docencia e aprendizaxe”*.

Por estas razóns, a Guía Docente constitúe un documento fundamental para organización dun ensino aprendizaxe de calidade, e a través da súa elaboración pódese promover a mellora continua deste proceso no Grao en Enxeñaría Informática. Por esta incidencia, considérase que a Comisión de Garantía de Calidade da ESEI debe ter un papel protagonista no procedemento de elaboración e aprobación das Guías Docentes e no control posterior da súa implementación.

En virtude do antedito, elabórase a presente normativa interna da Escola Superior de Enxeñaría Informática reguladora do contido das Guías Docentes das materias, consonte as seguintes disposicións:

ARTIGO 1. Obxecto

A presente normativa ten por obxecto regular os diferentes aspectos relativos á ordenación da Guías Docentes no ámbito de competencias da Escola Superior de Enxeñaría Informática.

ARTIGO 2. Da elaboración e aprobación das Guías Docentes

1. Existirá unha única Guía Docente por materia e titulación, independentemente do número de profesores/as que a impartan. Os/as docentes que impartan unha materia deberán consensuar a información contida na Guía, garantindo a coherencia e coordinación da docencia.

Con independencia do número de profesores/as que impartan unha materia, o labor docente deberá estar coordinado e respectar ó recollido na Guía Docente.

2. As Guías Docentes deberán ser aprobadas pola Xunta de Centro antes do inicio do período de matrícula de cada curso académico, e non poderán ser modificadas durante o curso.
3. Antes da súa aprobación pola Xunta de Centro, a Comisión de Garantía de Calidade emitirá un informe sobre a adecuación das Guías Docentes á normativa aplicable, atendendo especialmente á verificación de que a información contida nelas sexa completa, clara e intelixible para o alumnado.

ARTIGO 3. Do contido das Guías Docentes

As Guías Docentes deberán recoller información institucional e académica necesaria para que un/unha estudante obteña información sobre a materia, as competencias da mesma, os procesos e metodoloxías didácticas e os sistemas de avaliación, segundo o establecido na *Normativa de elaboración, aprobación e publicación de guías docentes da Universidade de Vigo*. En particular deberá conter a seguinte información:

- Os obxectivos da materia, así coma as competencias asociadas (instrumentais, interpersoais, etc).
- Os contidos da materia, especificando o temario teórico e práctico da materia.
- Á Planificación da materia, expresando as horas de dedicación presencial e non presencial, repartidas por tódalas actividades que se inclúan na Guía Docente.

As horas de realización dos elementos avaliábeis presenciais (probas parciais, probas finais, defensas ou entregas de traballos, entre outros) deben terse en conta dentro do tempo de dedicación presencial do alumnado e, polo tanto, han de situarse, sempre que sexa posible, dentro do horario lectivo especificado para a materia no calendario da Escola.

- As metodoloxías docentes, debéndose especificar tódalas metodoloxías que se empregarán no desenvolvemento da actividade docente.

Dentro das metodoloxías docentes e dado que os procesos de ensinanza aprendizaxe encádranse dentro do marco do EEES, fomentaranse aquelas metodoloxías orientadas a unha avaliación continuada do alumnado, tal

como ven recollido no artigo 7.1 apartado h) do Estatuto do Estudante Universitario.

- As metodoloxías de avaliación do alumnado, indicando tódalas metodoloxías que formarán parte do proceso de avaliación da materia, a porcentaxe coa que participan na nota final e as competencias e contidos que avalían.

Deberanse indicar os sistemas de avaliación para asistentes e non asistentes diferenciando entre a primeira opción de avaliación e as seguintes, se fora preciso, e tendo en conta que todo o alumnado, independentemente de que asista ou non ás aulas, ten dereito a ser avaliado dúas veces por curso académico, de tal xeito que só se reflicta na acta unha cualificación, segundo ó establecido no artigo 130.3 dos Estatutos da Universidade de Vigo.

- A bibliografía necesaria e recomendada. Indicar referencias bibliográficas básicas e complementarias, recursos Web, etc.
- Recomendacións, de ser o caso, das materias que se recomenda ter cursado con anterioridade e outras recomendacións básicas.

ARTIGO 4. Da publicación das Guías Docentes

Unha vez aprobadas, as guías docentes deberán estar accesibles en todos os idiomas oficiais na páxina web da ESEI. Serán consideradas oficiais, non sendo precisa a súa entrega en papel.

ARTIGO 5. Do incumprimento das Guías Docentes

A Comisión de Garantía de Calidade é a responsable de velar polo cumprimento desta normativa. No caso de que o alumnado considere que se produciu un incumprimento da Guía Docente dunha materia poderá dirixirse á Dirección do Centro, quen nun prazo de 30 días hábiles deberá dar traslado da queixa á Comisión e convocala ao efecto, solicitando se fora o caso previamente os informes necesarios. Unha vez convocada, a Comisión, se o considera necesario, poderá recabar novos informes aos interesados ou ao profesorado responsable. A resolución da incidencia pola Comisión de Garantía de Calidade notificarase aos interesados e ao profesorado responsable nun prazo máximo de 5 días dende a súa adopción pola Dirección da ESEI.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

Este regulamento entra en vigor a partir do momento da súa aprobación pola Xunta de Centro da Escola Superior de Enxeñaría Informática da Universidade de Vigo.

DILIXENCIA para facer constar que o presente "Regulamento de guías docentes das titulacións da Escola Superior de Enxeñaría Informática" foi aprobado pola Xunta de Centro Extraordinaria da Escola Superior de Enxeñaría Informática na data de 4 de xuño de 2014 e publicado oficialmente na páxina web e no taboleiro de anuncios da Escola o día 6 de xuño de 2014.

O SECRETARIO



Arturo J. Méndez

Arturo José Méndez Penín